

Gentes del Finis Terrae

**Sandra González Álvarez**  
Arquitecta, socia honoraria de Apatrigal

# «Urbanismo é todo espazo que habito»

Dirixe os obradoiros «A vila do mañá», que onte botaron a andar en Carballo

**PATRICIA BLANCO**  
CARBALLO / LA VOZ

Botou a andar en Carballo o obradoiro *A vila do mañá/A cidade do mañá*, creado e dirixido pola arquitecta Sandra González Álvarez (O Carballiño), socia honoraria da Asociación para a defensa do patrimonio cultural galego (Apatrigal). Baixo a iniciativa da área de Planificación e Mobilidade Urbana de Carballo, esta entidade colabora coa iniciativa, xunto co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, a Escola Técnica Superior de Arquitectura e Post Arquitectos. Teais cedo materiais. Toda esta semana seguirán pola mañá os talleres, nos que participan máis de 30 nenos de entre 5 e 12 anos.

**—¿Como foi a primeira xornada?**

—Unha toma de contacto. Intentamos saber cal é a visión que teñen os pequenos do lugar no que habitan. Debuxaron para nós e logo saímos cun marco dourado para enmarcar aquelas cousas que resultan importantes para eles. Debuxáronnos, por exemplo, o Mercadonova ou o Gadis, pero tamén ríos e pontes. Leváronnos ata o San Martiño, ata a tirolina, tamén ata a igrexa ou o Concello e, grata sorpresa, ata a biblioteca nova: arquitectura contemporánea tamén é patrimonio. O dos supermercados confirmáronos a teoría de que os nenos hoxe viven nunha caixa. Desprázanse nunha caixa máis pequena, que é o coche; e chegan a unha caixa máis grande, que é o centro comercial, o colexio ou os propios parques infantís, que acaban sendo recinto pechados onde meter os nenos.

**—¿Como xorden estes talleres?**

—Son unha arquitecta saída en tempos de crise. Atópome con que as cidades se seguen construíndo igual e que a arquitectura e o urbanismo seguen sendo os mesmos ca antes. *A cidade do mañá* é unha provocación cara a propia arquitectura: se houbo un momento no que estopou unha burbulla e os plans urbanísticos



Sandra González, onte, na Praza do Concello de Carballo. LAURA RODRIGUEZ

non funcionaron, entón é que ao mellor hai outra forma de facer as cousas. É tamén, unha provocación cara a educación: cheguei á carreira e para min a arquitectura eran a Acrópolis de Atenas e a catedral de Santiago, cando ao final a arquitectura é todo espazo que habito e no que me relaciono. Se non entendemos ese concepto, entón dá igual vivir en Carballo ca no Carballiño ou en Madrid. *A cidade do mañá* é unha provocación, ademais, á Escola Técnica Superior de Arquitectura, á materia de urbanismo, porque se segue estudando como unha lei matemática e económica, esquecéndose do máis importante, as persoas. Nacemos, pois, como unha provocación, no 2016. O primeiro taller fíxémolo en decembro, en Rianxo, e pensamos que a nosa traxectoria ía ser esa, pe-

ro resulta ser que non.

**—Funcionaron.**

—Si, foron os foros de rehabilitación de Rianxo, contei alí o que era *A cidade do mañá*, había alcaldes e comezaron a chamarnos para distintos concellos. Empezou así a xira do verán: sempre poño como exemplo a Panorama, o Combo Dominicano e nós [ri]. Comezamos en Ames e seguimos por Verín, A Pobra, Mondoñedo, Milladoiro e Ribeira. Comecei tamén a mandar a estratexia a congresos: o primeiro no que nos aceptaron foi en São Paulo. De aí, á Universidade MacKenzie. Na UDC incorporeino como innovación docente. Logo estivemos no congreso internacional de Mundo Educa. De aí mandei-no á Bienal de Venecia, onde teño tres proxectos expostos. Tamén se mandou a Ludantia, primeiro congreso internacional de arquitectura

e educación, onde nos deron premio pola metodoloxía. Agora en setembro seleccionáronnos como ponentes para ir a Viena: levarei Rianxo, Carballo, Bueu...

**—¿Por que os nenos?**

—Porque non están contaminados polo coche. Non teño carné de conducir e sigo mantendo que a cidade ten que ser para os peóns; penso que a xente se transforma ao volante. Non viven a cidade dun xeito igual. Aos nenos, se os educas no lugar no que viven e xeras un vínculo, ese lugar será unha parte deles. Carballo estará no seu imaxinario. A mirada dos nenos é máis pura. A diferenza que hai entre os debuxos que me fan o primeiro día, da cidade que ven, e a súa proposta de transformación dun lugar, co que imaxinan, é surrealista. Na súa proposta aparecen verde, xente, nenos... Tonucci dicía que nos criamos con medo ao lobo e ao monte. O lobo dos nosos pesadelos de nenos converteuse á cidade.

**—¿Teñen plans de visita a outros municipios desta bisbarra?**

—Estivemos falando con Malpica, pero este ano estabamos fóra de presuposto. Tamén o intentei con Arteixo, unha cidade industrial que vive de costas á súa propia industria. De aquí irémos para Bueu, Vilagarcía, Ferrol...

**—¿Que veu vostede en Carballo?**

—Cheguei no 2013, nun curso de verán de estratexias cidadás para tempos de crise. As medianeras eran o gran trauma e vin un Carballo desmotivado: a xente dicía que antes había un balneario, un antigo Concello, a Casa de Chinto... Faltáballes unha identidade, pero agora, cinco anos despois, atopo un Carballo que ten xa unha nova. Aquelas medianeras que eran un problema hoxe confírenlles identidade, e con novas pezas, como a biblioteca. Carballo, para min, evolucionou moito. O centro era daquela todo coches e agora está case todo peatonalizado. Estou moi ilusionada co Carballo que vexo.

## Barciela

**T**urismo de Galicia e las diócesis de Santiago y Lugo han sumado esfuerzos

**Cristóbal Ramírez**

y algunas de las iglesias que jalonan varios caminos de Santiago van a abrir sus puertas a los peregrinos. Excelente noticia muy esperada, porque se trata de atender una demanda real: mucha gente hace un Camino por religiosidad o espiritualidad, y a todo el mundo le gusta admirar un retablo barroco o un capitel románico.

Cierto es que no se trataba de falta de voluntad por ninguno de los tres entes citados, sino de falta de personal. En un país donde el voluntariado brilla por su ausencia a pesar de los esfuerzos de la Xunta y varios concellos había que recurrir a los vecinos de los monumentos. Pero en la mayoría de los casos esos vecinos ni están ni se les espera: han emigrado.

En la relación de iglesias que van a abrir las puertas se encuentra la de Barciela, la que se alza desde 1817 una vez cruzado el puente de Sigüeiro, ya en territorio compostelano. ¿De quién fue la idea de abrirla?

Porque resulta que hasta octubre del pasado año el Camino Inglés pasaba ante ese templo, y con toda la razón del mundo. Tras subir y bajar por un bosque de pinos muy grato llegaba a la iglesia de Augalada, quizás la única en Galicia con un relieve de un peregrino en su ábside, y por cierto muy cerca de la Fonte dos Ingleses.

Pues la Dirección Xeral de Patrimonio, quizás asesorada por unos indocumentados, ha desviado el Camino por una zona de pistas asfaltadas de concentración parcelaria muy alejadas del itinerario anterior y, por lo tanto, de la iglesia de Barciela.

Así que, estupendo que se abra ese templo. No lo visitará ni el uno por ciento de los 12.000 peregrinos que este año pasarán por esa ruta jacobea.

**HD Energía** informa **TRABAJOS DE MEJORA EN LA RED**

ESTAMOS REALIZANDO TRABAJOS PARA MEJORAR SU SUMINISTRO ELÉCTRICO, LO QUE NOS OBLIGA A SUSPENDER EL SERVICIO EN LOS LUGARES, FECHAS Y HORAS QUE SE INDICAN:

**DÍA:** miércoles 18 de julio  
**HORA:** de 15:00 a 19:00 h  
**LUGARES:** dependiente de los CTs: Gabenlle, Aguas Gabenlle, Requesende.

LAS INSTALACIONES SE CONSIDERARÁN EN TENSIÓN POR SI LOS TRABAJOS SE TERMINAN EN ANTES DE LA HORA PREVISTA. GRACIAS POR SU COLABORACIÓN

**CARBALLO** **ANUNCIO**

Esta Alcaldía, por Resolución 1794/2018 de 13/07/2018 aprobou as bases para a provisión en réxime laboral temporal de 2 Auxiliares de Policía Local.

**Prazo de presentación de solicitudes:** 5 días hábiles, que se inicia o día 18/07/2018 e remata o 24/07/2018, inclusive.

Carballo, 13 de xullo de 2018. O ALCALDE, Evencio Ferrero Rodríguez

**El Hiperregalo**

Si tus hijos ya tienen de todo, regálales más. Regálales valores.

APADRINA EN LA INDIA Y RECIBE **TEMPERALSALGADO**

900 111 300

**Manos Unidas**

**PLÁNTALE CARA AL HAMBRE: SIEMBRA**

colabora: **900 811 888**  
**manosunidas.org**